

Queridas compañeiras,

Poñemos fin a un novo ano, un ano diferente a todos os que levamos vivido xuntas dende hai xa máis de dúas décadas.

Un ano que seguramente recordaredes polos confinamentos, polas distancias, por non poder ver a esas persoas queridas e compartir momentos e vivenzas, pola soidade, pola incertidume sobre o que aínda nos queda por pasar, polas medias caras que reflexan ollos de morriña e moitas veces de tristeza, pola enfermidade, por todas estas cousas que durante moitos meses nos fixeron sentirnos mal e aínda nolo fan sentir.

Pero dende FEMURO tamén queremos lembrar este ano como o ano no que encarastes unha situación difícil e tirastes para adiante, o ano no que o móbil ou o ordenador deixaron de ser inimigos para converterse en aliados e pasaron a formar parte das vosas rutinas (unha videochamada coas amigas e a familia ou para falar da vosa experiencia como mulleres do rural, unha conexión a través de “google meet” para comentar o libro do Club de lectura, un vídeo gracioso tras ter escollido o mellor “atuendo” para transmitir un pouco de alegría e felicidade, ou para ler un anaco dun poema para lembrar a Sesé, unha fotografía mentres camiñades cara o respecto, ou mentres sementades igualdade...).

Todas xuntas demostramos que non permitiremos que algo como a COVID-19 nos pare para seguir loitando pola igualdade, polos dereitos das mulleres e polo noso papel no desenvolvemento do rural. Somos o motor da sociedade e aínda na distancia mantémonos unidas e presentes, facéndonos ver a oír, tanto é así que FEMURO foi galardoada pola Xunta de Galicia coa Medalla Emilia Pardo Bazán, pola súa traxectoria en actividades e proxectos en favor da igualdade, unha mención que sen todas vós (as mulleres das nosas Asociacións) e sen todas as entidades e persoas que colaboran e participan con nós non podería ser posible.

Esperemos o comezo dun novo ano cheo de momentos felices, de apertas, de vivenzas compartidas e sobre todo de IGUALDADE, RESPECTO E TOLERANCIA.

Unha aperta moi agarimosa.

O EQUIPO DE FEMURO

ÍNDICE

-FEMURO reúnese en Asemblea.....	p. 3
-FEMURO contra a violencia.....	p.4
-FEMURO coa Igualdade.....	p. 14
-FEMURO co emprego e a Formación	p. 21
-FEMURO coas Asociacións de Mulleres Rurais.....	p. 27
-FEMURO cos Servizos sociais e a solidariedade.....	p. 53
-FEMURO coa infancia.....	p. 55
- FEMURO forma parte de Consellos.....	p. 56
- Participación en Xornadas.....	p. 57
-Contáctanos, síguenos e participa.....	p. 60

FEMURO REÚNESE EN ASEMBLEA

O sábado **2 de febreiro** de 2020, a Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO) reuniuse en Asemblea no “**Fogar do Maior**” de Allariz, co obxectivo de tratar diversos aspectos de interese para o conxunto de asociacións federadas.



Asistiron aproximadamente **50 mulleres** representantes de 24 Asociacións, ás que se sumaron a Xunta Directiva de FEMURO e varias das súas traballadoras.

O primeiro punto que se tratou na xornada tivo que ver coa posibilidade de contratar un seguro de responsabilidade civil para as asociacións. Grazas a un representante de Mapfre, as participantes puideron coñecer as principais características deste servizo e resolver as súas dúbidas ao respecto.

A **sesión ordinaria** comezou coa exposición por parte da Directiva da acta da sesión anterior e procedeuse á aprobación da mesma por unanimidade.

Posteriormente analizáronse as diversas actividades que a Federación levou a cabo no ano 2019, tanto coas asociacións federadas como noutros ámbitos como as escolas e institutos, as familias, a poboación en risco e a infancia, entre outros.

A continuación presentáronse as contas anuais do exercicio 2019, que foron aprobadas do mesmo xeito que o orzamento anual previsto para o exercicio anual 2020.

A continuación foi exposta a programación de actividades previstas por FEMURO para o 2020, entre as que destacan o Día Internacional da Muller, o XVII Foro da Igualdade, a Viaxe Anual e as Xornadas de Desenvolvemento Rural. Neste punto todas as participantes tiveron a oportunidade de mostrar as súas suxerencias e propostas de mellora. Tamén se comentaron outros temas como as Memorias Anuais e os Certificados dixitais, resolvendo as dúbidas das presentes e asesorándoas en todos aqueles aspectos necesarios; facendo tamén un recordatorio ás asistentes das obrigas en torno a contabilidade e a comunicación con FEMURO.

Para finalizar, en **sesión extraordinaria**, realizouse unha actualización das altas e baixas das Asociacións federadas.

FEMURO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

CONVENIO PARA O DESENVOLVEMNTO DE ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO E APOIO ÁS SÚAS VÍTIMAS



Por terceiro ano consecutivo, Femuro asinou un **Convenio de Colaboración** coa **Consellería de Emprego e Igualdade (Secretaría Xeral da Igualdade)** para o desenvolvemento de **accións de sensibilización fronte á violencia de xénero e apoio ás súas vítimas**.

A través deste Convenio levamos a cabo o programa **“DA MAN: Sensibilización fronte a violencia de xénero e apoio ás súas vítimas”**, que consistiu nunha serie de actividades co obxectivo de sensibilizar e facer fronte á problemática da violencia de xénero (actividades formativas, colaborativas, de apoio ás vítimas, de sensibilización...)

As actuacións levadas a cabo foron:

- **MULLERES QUE CONTAN.**

Esta actividade lévase a cabo dende o 2019 ininterrompidamente (só interrompida a causa do peche obrigatorio pola COVID19).

É unha actividade na que se traballan **habilidades sociais básicas** tales como a autoestima, o empoderamento, o autocontrol, a confianza, a asertividade... e tamén a relaxación e a canalización das emocións, **a través da lectura de contos**.



As mulleres que participan nesta actividade sofren ou sufriron Violencia de Xénero e atopan aquí un grupo “informal” no que falar, expresar, escoitar e sobre todo sentirse acompañadas. O grupo é moi reducido para crear un clima de total confianza. Participan 5 mulleres.

- **XORNADA DE RESPIRO FAMILIAR PARA FAMILIAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.**

No mes de agosto FEMURO organizou unha fin de semana de Respiro Familiar para mulleres superviventes de violencia de xénero e para os seus fillos e fillas.

A actividade estivo pensada para que estas familias tivesen un espazo de lecer e desconexión fóra da súa rutina e entorno habitual pero tamén, para que fose un tempo no que se puidese **conxugar a parte lúdica e distendida, co traballo de aspectos tan importantes como o empoderamento, a autoestima, o autocoñecemento, etc.**

Nesta ocasión, fomos ao Balneario de Arnoia onde as mulleres practicaron ioga, taichi e relaxación e desfrutaron das instalacións do balneario mentres os seus fillos e as súas fillas facían xogos na natureza.

Participaron un total de 9 familias (20 persoas).

Foi unha **fin de semana chea de sorrisos e positivismo**, na que todas quixemos camiñar “da man”: **apoiándonos, levantándonos e acompañándonos en sororidade.**



- CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN POLO 25N “SEMENTEMOS IGUALDADE”: EN CENTROS EDUCATIVOS, COA POBOACIÓN DE VERÍN E COAS ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DA PROVINCIA DE OURENSE.

O lema escollido para as actividades de FEMURO coas asociacións de mulleres e coa infancia nos programas propios e nas actividades de sensibilización foi o seguinte: **“Sementemos igualdade”**.

As actividades levadas a cabo foron as seguintes:



➤ COAS ASOCIACIÓNS FEDERADAS E POBOACIÓN EN XERAL.

A nosa liña de traballo coas asociacións de mulleres rurais en relación á sensibilización sobre o 25 de Novembro segue sendo a de anos anteriores e presenta un gran nivel de participación e implicación por parte das asociacións. Este ano, ao estar restrinxidas as reunións na maioría das zonas, optamos por fotos máis individuais o en grupos moi pequenos, no que posaban co emblema da nosa campaña. Estendemos esta iniciativa, ademais de ás mulleres rurais, a toda a poboación en xeral que quixera participar: pequenas autónomas, profesoras e profesores, veciños e veciñas... Incluso difundimos máis alá das fronteiras galegas e participou xente que vive fóra de Galicia mandando a súa foto. Co resultado fixemos fotomontaxes que se foron publicando nas redes durante o mes de novembro. Participaron arredor de 200 persoas.





(PÓDENSE VER O RESTO DAS IMAXES NO FACEBOOK DE FEMURO)

Coas asociacións de mulleres rurais federadas realizamos ademais a iniciativa **“No camiño do vento”**, que consistiu na lectura, por parte das mulleres asociadas, de poemas escritos por Sesé Mateo e na súa recompilación en dous vídeos que difundimos entre as asociacións e nas nosas redes sociais (Youtube, Facebook e Instagram). Participaron un total de **16 asociacións**, a Xunta Directiva e parte do Equipo Técnico de FEMURO (102 mulleres en total).



As asociación participantes foron:

Asoc. MM.RR. "Arracada" (Vilar de Santos); Asoc. MM.RR. de Feces de Abaixo "As Raiotas" (Feces de Abaixo, Verín); Asoc. MM.RR. e Consumo "Tres de Maio" (Laza); Asoc. MM.RR. "Fonte do Sapo" (A Rasela, Verín); Asoc. MM.RR. e Consumo "San Salvador da Roza" (Medeiros, Monterrei); Asoc. MM.RR. "Pegureiras" (San Mamede de Urrós, Allariz); Asoc. MM.RR. e Consumo "25 de xullo" (Albarells, Monterrei); Asoc. MM.RR. "As Candelas" (Pazos, Verín); Asoc. MM.RR. "Cruceiro Gordo" (Melón); Asoc. MM.RR. "Santa María de Tamagos" (Tamagos, Verín); Asoc. MM.RR. "Arnoia" (Arnoia); Asoc. MM.RR. "San Pedro" (Queizás, Verín); Asoc. MM.RR. "Sarreaus" (Sarreaus); Asoc. MM.RR. e Consumo "O Cruceiro" (Matamá, Laza); Asoc. MM.RR. "Patio de Melo" (Ábedes, Verín); Asoc. MM.RR. "Nosa Señora do Portal" (Ribadavia).

Con esta actividade quixemos facer **unha homenaxe a Sesé** e recordala non por ser unha vítima máis da violencia machista (foi asasinada en 2017 pola súa exparella) se non por todo o que aportou e sigue aportando cando lemos e mergullamos nos seus poemas. **Colaboramos así mesmo co proxecto "No camiño do vento"**, no que, **a través da venda do libro, se recadan fondos para axudar a nenas e nenos orfos pola violencia machista a través de apoio psicolóxico, educación, actividades de reforzo do rendemento escolar, etc.**

Unha terceira iniciativa realizada coa poboación xeral consistiu na creación de **material audiovisual** sobre diferentes temas relacionados coas violencias machistas, que colgamos nas nosas redes sociais co obxectivo de involucrar ao maior número de persoas posibles na loita e concienciación sobre este tipo de violencia. Os vídeos que elaboramos foron dous:

- **"Mitos sobre as violencias machistas"**: centrado nas distintas falsas crezas que xiran en torno as violencias machistas e o seu contraste con datos reais oficiais para achegarnos á realidade deste tipo de violencia que afecta de forma específica ás mulleres.

<https://www.youtube.com/watch?v=9OUyxFs3uV4>

- **"Un mundo sen violencia machista"**: trátase dun vídeo-relato que nos fala do mundo ideal.

Un mundo no que non existe a contaminación, a pobreza e moito menos as violencias machistas, mostrando todos aqueles aspectos que deberían mudar na nosa sociedade para que homes e mulleres vivamos en liberdade e igualdade real.



<https://www.youtube.com/watch?v=1RjVzw5UYdw>

➤ **NOS CURSOS E PROXECTOS QUE FEMURO LEVA A CABO DURANTE O ANO:**
E.S.A. E REFORZO E MOITO MÁIS

Xunto coas nosas asociacións, tamén incluímos na Campaña ao alumnado dos cursos que tiñamos activos durante o 25 de novembro: cursos preparatorios para obter o Graduado en E.S.A.

Por outro lado, tamén realizamos actividades relacionadas coa conmemoración do 25 N cos **nenos e nenas do programa LUDOFEMURO** programa que temos activo durante todo o ano. Con este grupo elaboramos o **vídeoconto de “Arturo e Clementina”, unha historia de dúas tartarugas entre as que hai unha relación de violencia de xénero**. Dito vídeo foi publicado en redes e está no canal de Youtube de Femuro (Femuro Ourense Verín).

<https://www.youtube.com/watch?v=eouFtOqezws>

Ao alumnado do cursos de Femuro e aos nenos e nenas de LudoFemuro e máis as súas familias, agasallámoslles con camisetas co lema da campaña, e fixeron fotos grupais, en familia... tamén para difusión en redes.

Participaron un total de 40 persoas.





➤ **SENSIBILIZACIÓN EN CENTROS EDUCATIVOS:**

Non podemos esquecer que a educación dende a infancia é a mellor menciña contra a violencia de xénero, e ese é o noso obxectivo primordial.

Este ano atopámonos coa dificultade de que, por protocolo Anti-Covid, non nos permitían ningunha actividade que implicara presencialidade, nin entrada de persoal alleo ao centro educativo. Por este motivo as actividades foron diferentes aos anos anteriores.

- **Co alumnado de Educación Infantil e 1º de primaria dos centros educativos do C.E.I.P. Amaro Refojo (Verín) e C.E.I.P. Carlos Casares (Xinzo de Limia) traballamos o 25N a través de propostas didácticas coeducativas utilizando contos para traballar nas clases. A participación nesta actividade era voluntaria por parte das tutoras e a todo o alumnado e profesorado participante agasallouselles cunha camiseta co lema da campaña. Participaron un total de: 198 nenos e nenas e 12 profesoras.**





- **Co mozos e mozas dentre 14 e 18 anos** propuxemos un concurso de carteis, do que resultou o emblema da campaña do 25N. A proposta fíxoselle a todos os I.E.S. da Provincia de Ourense. **Obtivemos 48 propostas.**



➤ **OBRADOIRO DE SEXUALIDADE E PREVENCIÓN DO ABUSO SEXUAL INFANTIL:**



Entendendo o traballo da **sexualidade como unha fonte de prevención da violencia sexual**, este ano incluímos unha serie de actividades neste sentido destinadas a nais e pais e tamén á poboación infantil.

Cas nenas e nenos que participan en “Ludofemuro” realizamos dúas sesións de dúas horas de duración. A primeira delas desenvólvese **con nenos e nenas de 8 e 9 anos e nela traballamos o coñecemento do corpo, especialmente do aparato reprodutor masculino e feminino**. Para elo realizamos fichas nas que identificamos as diferentes partes corporais (vendo as diferenzas existentes entre homes e mulleres), montamos puzzles anatómicos (reflexionando sobre os distintos tipos de corpos e os cambios que presentan co paso do tempo) e visualizamos un vídeo explicativo das distintas partes que configuran os órganos xenitais, comentando posteriormente o seu contido.



Na segunda sesión, na que participaron **nenas e nenos de 4 a 6 anos**, centrámonos coma no caso anterior no coñecemento do corpo. Para elo resolvemos a adivinanza **“Que será, que será... Unha parte do meu corpo que cubro coa roupa interior e que vai cambiando a medida que me fago maior”**. Tras elo analizamos uns carteis elaborados pola ANPA CEIP CARLOS CASARES (dentro da súa campaña de prevención do abuso infantil) nos que se mostraban as partes íntimas de nenos e nenas e reflexionamos sobre as diferenzas que existen entre uns e outras e os coidados que estas zonas necesitan.



Posteriormente **centrámonos no consentimento e na necesidade de que os nenos e nenas comprendan que poden decidir cando e como expresan as súas condutas afectivas**. Contamos a historia “Nin un biquiño a forza” co apoio dun kamishibai e tras o seu comentario e reflexión, os e as participantes realizaron uns debuxos nos que plasmaron aquelas persoas coas que se senten a gusto bicando e abrazado.



Mudando a historia





Coas nais das nenas e nenos de “Ludofemuro” realizamos o obradoiro “Como, cando e porque?”, no que abordamos diferentes elementos da sexualidade para chegar a un coñecemento amplo da mesma (definición, características, compoñentes...). Nesta sesión, de dúas horas de duración, tamén nos acercamos á realidade do abuso sexual infantil para coñecer a súa prevalencia, as súas consecuencias, as manifestacións que poden indicar que un/unha menor está sendo vítima, etc. Nesta actividade contamos con 6 participantes.

Dito obradoiro tamén se desenvolveu na ANPA do CEIP Carlos Casares (Xinzo de Limia), dentro da súa programación da Escola de Familias, nesta ocasión de forma virtual, contando cun total de 7 asistentes.



OUTRAS ACTUACIÓNS CONTRA A VIOLENCIA

➤ CAMPAÑA “ESTAMOS AQUÍ”.

A causa da COVID-19 este ano non puidemos organizar ningún acto de concentración de apoio ás vítimas , polo que xurdiu esta iniciativa xunto co CDR Portas Abertas e a Marcha Mundial das Mulleres Verín.

Durante o día 25N colocáronse corazóns polas rúas e camiños con mensaxes de apoio, facéndolles chegar a mensaxe a todas as mulleres vítimas da violencia machista e ás súas familias que “estamos aquí” que poden contar con todas nós.



FEMURO COA IGUALDADE

➤ ACTIVIDADES POLO 8M:

Ao longo da semana do 8 de Marzo, en conmemoración do Día Internacional da Muller, traballamos co alumnado de Educación Infantil do **CEIP Amaro Refojo** (Verín) e do **CEIP Carlos Casares** (Xinzo de Limia), co alumnado de Educación Secundaria do **IES Castro de Barancelli** e co **CIFP Portovello** con alumnado de Ciclos de Formación Profesional.

En Educación Infantil baseamos a actividade en contacontos, elixindo para tal fin **“Os Bolechas pola Igualdade”**, que se centra na corresponsabilidade nas tarefas do fogar, na eliminación de estereotipos nas cores e na resolución pacífica de conflitos, entre outros aspectos. Todo elo co **obxectivo de romper a fenda de xénero dende as idades temperás de maneira que se reforza a educación en igualdade e se contribúe a cambiar a sociedade na que vivimos.**



O procedemento da actividade consistiu en contarlle ás nenas e nenos a citada historia, ademais de explicarlle de forma adaptada á súa idade en que consiste o 8 de Marzo. Posteriormente realizamos unha manualidade á que denominamos **“Chapapín”**, que consistiu en entregar a cada alumno/a unha plantilla en forma de 8M que tiñan que decorar con adhesivos ou coloreando, para finalmente convertela nun broche que puideron colocar onde máis lle gustase.

Para finalizar a sesión pintamos diferentes debuxos relacionados co conto nos que se plasmaba aos Bolechas realizando diferentes tarefas do fogar.

Nas seguintes fotos podemos ver o desenvolvemento da sesión tanto no centro escolar de Verín como no de Xinzo:



En relación ao **IES Castro de Barancelli**, a actividade centrouse en charlas que se levaron a cabo en sesións de 1 hora e 40 minutos nas que profundizamos na **situación xeral das mulleres ao redor do mundo, en termos como “feminismo” e “machismo” e na existencia de desigualdades en distintos ámbitos**, entre outros aspectos.

Aos contidos xerais mencionados decidimos engadir outros máis específicos adaptados a cada curso, que foron os seguintes temas:

- **1º ESO A e B:** *Que vemos, que escoitamos* (análise de vídeo-clips, cancións, publicidade e as mensaxes que nos transmiten).
- **3 ESO A + PMAR:** *Autoestima e asertividade* (traballo destas calidades como base para vivir unha vida libre de prexuizos e desigualdades).
- **4 ESO A:** *Pornografía e prostitución* (reflexión sobre o porqué da súa existencia, quen son as vítimas, datos de consumo e como inflúen na existencia de desigualdade).



Ao anterior debemos engadir a colaboración do alumnado de 6º de Primaria do **CEIP Amaro Refojo** (Verín) nunha **performance** que levamos a cabo o **9 de Marzo** no acto institucional que tivo lugar na praza do Concello de Verín.

Con dita actividade quixemos **visibilizar e dar voz a diferentes mulleres cuxas apartacións en distintos eidos foron fundamentais ao longo da historia, tales como María Pita, Rosalía de Castro, Nina Simone ou Billie Holiday, entre outras.**

A performance consistiu na lectura dunha pequena introdución seguida da exposición dos nomes das mulleres e do ámbito no que destacaron, as cales aparecían nomeadas en varios carteis que as alumnas e alumnos expuxeron de cara ao público.





➤ OUTRAS ACTIVIDADES EN CENTROS EDUCATIVOS

Porque a Igualdade non pode ser cousa de traballar nunha soa data concreta, facemos sensibilización e actividades durante todo o curso escolar, e non únicamente cos nenos e cas nenas, que son o futuro, senón tamén con toda a comunidade educativa, xa que esta é a encargada de transmitir ensinanzas, pensamentos, crenzas, valores... que perdurarán ata a vida adulta do alumnado.

Así, neste 2020 fixemos **xornadas en escolas de familias** (CEIP Vilardebarrio) nas que amosamos ás familias técnicas para educar en igualdade e **formamos a profesorado** (CEIP Carlos Casares-Xinzo de Limia) en técnicas para aplicar a coeducación nas aulas.



Continuamos ademais viaxando coa nosa exposición “Mulleres con historia” alá onde a requiriron. Dita exposición, consta de 23 fotografías que pretenden visibilizar a mulleres importantes na historia e que non sempre foron recoñecidas como deberían. Nesta mostra, mulleres anónimas as imitan, posando e vestindo coma elas.



Cando levamos esta exposición, está durante un tempo no centro e leva apareladas unhas actividades adaptadas ao público ao que se dirixe. Este ano a exposición foi aos seguintes centros educativos: **Colexio Apostólico Mercedario (Verín), I.E.S. Castro de Baronceli (Verín) e C.E.I.P. Carlos Casares (Xinzo).**



➤ **CAMPAÑA VÍDEOS 8M:**

Dentro da campaña “**Libres, Fortes e Empoderadas**”, que FEMURO desenvolveu este ano con motivo do **Día Internacional da Muller**, realizamos dous vídeos musicais con colectivos nos que centramos as nosas actuacións habitualmente.

Por un lado, o alumnado de infantil e primaria do **CEIP Amaro Refojo de Verín**, co que homenaxeamos, a través da canción “Las que faltaron” de Mafalda, a diferentes **mulleres pioneiras ao longo da historia** que en moitas ocasións son invisibilizadas e esquecidas.

Por outro lado, as **mulleres que configuran as asociacións** que forman parte de FEMURO, que nos mostran as distintas actividades que realizan ao longo do ano acompañadas pola melodía “Matriarcas” de Gaudí Galego.

Ambos vídeos están dispoñibles para a súa visualización na nosa **canle de Youtube** (Femuro Verín Ourense), ao que se pode acceder inserindo “femuro” na barra de procura desta plataforma.



VISIBILIZACIÓN NAS REDES A PROL DA IGUALDADE

Ao longo do ano fomos visibilizando días importantes dentro do eido da lectura como por exemplo o **Día das Escritoras** ou recordando a **escritoras** ou **obras feministas** destadas no seu aniversario. Continuamos, deste xeito, no noso empeño de recuperar e e visibilizar mulleres que foron pioneiras ou destacaron para dotarnos de Referentes femininas, coñecelas e recoñecelas.





FEMURO CO EMPREGO E A FORMACIÓN

FEMURO leva moitos anos traballando por e para a poboación do rural, en especial, con aquelas persoas ou colectivos que presentan especiais dificultades de inserción, todo elo nun entorno desfavorecido no que acceder a determinados recursos e servizos faise complicado, especialmente no relativo ao acceso ao emprego.

Para isto, FEMURO leva a cabo diferentes programas destinados á formación e promoción da inserción laboral da poboación do rural. Son as que citamos a continuación:

PROGRAMA DE ORIENTACIÓN E INSERCIÓN SOCIO-LABORAL

FEMURO conta cun programa **ESPECÍFICO** de **ORIENTACIÓN E INFORMACIÓN SOCIO-LABORAL** dirixido a toda a poboación en xeral do rural que precise información e asesoramento tanto **formativo como apoio no proceso de busca de emprego**. Aínda que é un servizo aberto a calquera persoa que o precise, as usuarias do mesmo son maioritariamente mulleres, en risco de exclusión social, con cargas familiares, e con especiais circunstancias persoais ou sociais que lles dificultan acceder ao mercado laboral.

O **punto de atención** do programa atópase en **Verín**, por ser nesta localidade onde FEMURO dispón da súa sede social.

Os **servizos** prestados a través deste programa son os seguintes:

- **EN MATERIA DE EMPREGO:**

- ✓ Atención personalizada e individualizada no proceso de busca de emprego, a través da elaboración dun itinerario personalizado de inserción.
- ✓ Elaboración do currículo, carta de presentación, envío por correo electrónico, fax,..
- ✓ Información sobre técnicas e recursos para atopar emprego.
- ✓ Asesoramento para enfrontarse a unha entrevista de traballo.
- ✓ Información sobre ofertas de emprego e inclusión nas mesmas.
- ✓ Bolsa propia de FEMURO, na que as persoas demandantes de emprego poden inscribirse a fin de que o empresariado do territorio solicite profesionais para dar cobertura a diferentes postos de traballo.

Queremos salientar que durante este ano, nada fácil en materia de emprego, 1 muller accedeu a un posto de traballo por intermediación de FEMURO.

Co fin de prestar un servizo de calidade e práctico no proceso de busca de emprego, **FEMURO** dispón dun aula tecnolóxica con diferentes recursos técnicos (ordenador, teléfono, escáner, fotocopiadora, internet,...) para que as persoas que o desexen a poidan utilizar.

- **EN MATERIA FORMATIVA:**

- ✓ Información sobre a oferta formativa.
- ✓ Información sobre actividades e recursos sociocomunitarios.
- ✓ Información sobre convocatorias públicas.
- ✓ Orientación e asesoramento sobre o actual sistema educativo.
- ✓ Asesoramento sobre a obtención de diferentes titulacións (ESO, competencias clave, Bacharelato, Universidade,...).
- ✓ Información e asesoramento para a obtención dos certificados de profesionalidade.

**PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DE SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS E INCLUSIÓN SOCIAL:
CURSOS FORMATIVOS**



Mediante a colaboración da **Dirección Xeral de Inclusión Social (Xunta de Galicia)** e o **Fondo Social Europeo**, FEMURO desenvolveu diversas accións formativas para facilitar a **inserción socio-laboral das persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social** debido a factores económicos, sociais ou persoais, derivadas maioritariamente polos **Equipos de Inclusión de Sarreaus** cos que se mantivo e se mantén unha coordinación continua ao longo de todo o programa.

O programa foi levado a cabo en **Verín**, no local social de FEMURO.

As actuacións levadas a cabo este ano foron:

- **Preparación en Competencias Clave Nivel 2:** Xaneiro- Xuño. 11 participantes.
- **Preparación en Competencias Clave Nivel 3:** Xaneiro- Xullo. 12 participantes.

- **Graduado en E.S.A. desde 1º:** Xanerio-Xuño. 11 participantes. 11 participantes.
- **Graduado en E.S.A. desde 3º:** Xaneiro-Xuño. 10 participantes.
- **Preparación para proba libre do Graduado en ESA. Módulo científico-tecnolóxico.** Xaneiro- Marzo. 11 participantes.
- **Graduado en E.S.A. desde 1º:** Setembro- Decembro (continuará ata xuño de 2021). 11 persoas participantes.
- **Graduado en E.S.A. desde 3º:** Setembro- Decembro (continuará ata abril de 2021). 10 participantes.
- **Preparación para proba libre Graduado en E.S.A. Modulo lingüístico.** Outubro- Decembro (continuará ata xaneiro de 2021). 9 persoas participantes.



TECENDO OPORTUNIDADES

Programa específico para mulleres en situación de vulnerabilidade sen titulación ou con baixa cualificación



Dende o ano 2010 levamos a cabo o programa “Concilia e Emprega”. Este programa estaba destinado a mulleres xestantes e/ou lactantes con fillos ou fillas menores de 3 anos.

No 2020, para darlle continuidade as mulleres das que xa levábamos seguimento, e tamén para engadir outros perfís novos, creamos “**Tecendo Oportunidades**” esta vez para mulleres con escasa ou ningunha cualificación e cas que, a través deste programa, asesoramos, formamos e capacitamos para o mundo laboral así como para o seu desenvolvemento persoal.



Este programa ten como **obxectivo principal** mellorar nas mulleres en situacións de vulnerabilidade con baixa titulación (ou ningunha), a súa inserción sociolaboral e as habilidades sociais necesarias para desenvolverse no seu día a día con máis facilidade, promovendo que poidan adquirir os medios e recursos que lles permitan participar en condicións de igualdade na sociedade reducindo deste xeito os factores que causan a súa discriminación.

O programa inclúe as seguintes **liñas de actuación**:

- **Servizos de orientación e información** sobre recursos singularizados, de atención, orientación e asesoramento persoal e social, así como de apoio directo nas relacións con outras entidades, organismos e servizos que faciliten ás persoas usuarias o seu proceso de integración social.
- **Servizo de atención psicolóxica.** Atención personalizada e terapia grupal psicolóxica.
- **Servizo de mediación familiar e intercultural.** Servizo a disposición das familias beneficiarias do programa, con planificación de actuacións, visitas domiciliarias e acompañamentos.
- **Servizo de apoio e orientación laboral para a mellora da empregabilidade.** Esta liña é permanente en Femuro e inclúe elaboración do currículo, inscrición na bolsa de emprego de Femuro, información sobre recursos para a busca de emprego, pautas para superar unha entrevista de traballo, e en xeral, apoio e asesoramento en calquera dúbida que lles poida xurdir neste senso.
- **Actividades para adquisición de habilidades persoais e sociais básicas ou de competencias para a mellora da empregabilidade:** formacións en alfabetización, lingua española, atención ao cliente, informática, busca de emprego, ecofeminismo, autoestima e empoderamento....


AS ACTIVIDADES REALIZADAS DENDE OUTUBRO DE 2019 ATA SETEMBRO DE 2020 BENEFICIARON A 66 MULLERES E MÁIS AS SÚAS FAMILIAS.

Neste período, debido á situación ocasionada pola COVID-19, o programa quedou interrompido dende marzo a maio, continuando despois do estado de alarma coa “nova

normalidade”: atención sempre con cita previa ou vía telefónica, formacións en grupos moi reducidos, incluso de xeito individual, medidas de seguridade para entrar nas instalacións (máscaras, xel hidroalcohólico...) etc.

AS ACTUACIÓNS FORMATIVAS DENTRO DESTE PROGRAMA FORON AS SEGUINTE:

- **EMPODER-ARTE: OBRADOIROS PARA MELLORAR A AUTOESTIMA A TRAVÉS DE TERAPIAS ARTÍSTICAS.** As mulleres participantes no programa, debido ás súas circunstancias, carecen normalmente de autoestima, polo que nestes obradoiros traballáronse de xeito práctico e dinámico o reforzamento desta, a través de actividades creativas, de relaxación, autocoñecemento, desinhibición, etc. Coa finalidade de empoderalas.



- **ECOFEMINISMO: ELABORACIÓN DE COSMÉTICOS, PRODUTOS DE HIXIENE E MEDICINAIS DENDE A PERSPECTIVA FEMINISTA.**

- **SIÑELO CALI:** lectoescritura e outras habilidades básicas para desenvolverse no día a día. Destinado a mulleres xitanas que pertencen a este programa ou derivadas do Plan Xitano de Servizos Sociais de Verín.

Esta formación foi dende Xaneiro ata Setembro (interrompida no estado de alarma).

Houbo dous grupos divididos por niveis, de 10-12 persoas cada un, aínda que despois aínda se desdoblaron en grupos máis reducidos a causa das medidas de aforo e seguridade.

- **ATENCIÓN AO CLIENTE (ORIENTANDO Á VENDA AMBULANTE)** . Continuamos coa actividade “creando oportunidades” que xa se comezou na convocatoria pasada. Formacións curtas que serven de aproximación ao mercado laboral tendo en conta que sectores en Verín son máis demandados. Este ano, tendo en conta o gran número de mulleres de etnia gitana que tivemos no programa, e que a maioría destas adócase á venda ambulante, orientamos esta formación a melloras de técnicas de venda: escaparatismo, atención ao público, técnicas de venda...

Houbo dous grupos de 4 alumnas cada un, e a formación levouse a cabo nos meses de Xuño, Xullo e Agosto.



- **LINGUA E CULTURA ESPAÑOLA E GALEGA.** Orientado a mulleres de orixe marroquí. Esta actividade levouse a cabo entre outubro de 2019 e Xuño de 2020 (quedando interrompida durante o confinamento). Participaron 6 mulleres.

- **INFORMÁTICA BÁSICA ORIENTADA Á BUSCA DE EMPREGO E TRÁMITES ADMINISTRATIVOS BÁSICOS.**

Estas formacións foron moi breves e foron moitas ao longo do programa. Foron individualizadas ou de dúas ou tres mulleres máximo. Durante dous ou tres días tiñan formación case personalizada. Leváronse a cabo durante todo o período subvencionado. As persoas que se beneficiaron desta formación foron, principalmente, aquelas mulleres que eran atendidas a través da liña de orientación laboral.



- **RE-COÑECETE: obradoiros de sexualidade.** Pequenas formacións en grupos moi reducidos para crear un clima de confianza, onde resolver dúbidas e “re-coñecer” os propios corpos.

- **OBRADOIROS DE SUPERACIÓN PERSOAL E AUTOESTIMA.** Nos que se traballaron diversos aspectos persoais das mulleres participantes para potenciar o seu desenvolvemento biopsicosocial e desenvolvemento persoal.



FEMURO COAS ASOCIACIÓNS

TALLERES DE SEXUALIDADE E RELAXACIÓN

“**Recoñécete**” é un taller de sexualidade e relaxación que durante os meses de Xaneiro e Febreiro achegamos a distintas asociacións da Comarca de Verín.

Nun total de 15 sesións de 2 horas de duración, tratamos a sexualidade de forma integral, entendéndoa como unha dimensión máis que nos acompaña ao longo da nosa historia de vida e que debemos potenciar positivamente.



Deixando de lado a visión da sexualidade centrada unicamente nas relacións sexuais, **puxemos o foco de atención noutros compoñentes si cabe máis importantes como son as emocións e a autoestima, que sen lugar a dúbidas ocupan un papel fundamental en cómo nos sentimos e nos relacionamos con outras persoas. Así mesmo, abordamos e desmantelamos diferentes mitos e prexuízos que se asocian a sexualidade na etapa vital da terceira idade.**

En canto á relaxación, que cobra especial relevancia ante situacións de ansiedade e estrés, acercamos ás participantes dúas técnicas co obxectivo de proporcionarlle ferramentas que podan usar no seu día a día.





A primeira delas, “**relaxación mediante respiración**”, ten como finalidade traballar unha respiración máis profunda e pausada como medio para lograr un estado corporal de maior tranquilidade, algo que conseguimos collendo aire profundamente polo nariz, mantendo e finalmente expulsando pola boca. Todo elo apoiando as nosas mans no abdome e sendo conscientes de todo o proceso.

Respecto á segunda técnica, “**relaxación con tensión – distensión**”, aprendemos a relaxarnos traballando diferentes grupos musculares (en brazos, cara, abdome, costas e pernas) para lograr eliminar a tensión que en moitas ocasións, e sen ser consciente delo, vamos acumulando en distintas partes do noso corpo. A través de diferentes exercicios que as participantes aplicaron seguindo as indicacións da monitora, conseguimos liberar a tensión acumulada e crear un clima de calma e tranquilidade.



A participación neste taller ascendeu a **172 mulleres**, cunha media de 17 asistentes por sesión, pertencentes ás asociacións de **San Pedro** (Queizás), **Flor da Xesta** (Verín), **Santa María de Tamagos** (Tamagos), **Tres de Maio** (Laza), **O Recuncho** (Tamaguelos), **San Salvador da Roza** (Medeiros), **Raiotas** (Feces), **Patio de Melo** (Ábedes), **Entre Nos** (Vilardevós), **25 de Xullo** (Albarells), **Riveira** (Vilaza), **As Candelas** (Pazos) e **País do Riós** (Riós).

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

MARZO 2020

Para conmemorar o Día Internacional da Muller, neste 2020 FEMURO levou a cabo, como en anos anteriores, unha serie de **iniciativas xunto coas Asociacións de Mulleres Rurais** adheridas á entidade, que se englobaron na campaña **“Libres, Fortes e Empoderadas”**.



En primeiro lugar destacamos a realización dun **vídeo** no que quixemos **plasmar unha pequena parte das actividades que as mulleres rurais realizan ao longo do ano na súa asociación, para así agradecer ao movemento asociativo a gran labor que desenvolven día a día dando e mantendo a vida no rural.**

A participación na elaboración do vídeo foi de **19 asociacións**, que mencionamos a continuación:

Asoc. De MM.RR “25 de Xullo” (Albarellos), Asoc. De MM.RR “As Candelas” (Pazos), Asoc. De MM.RR “Arracada” (Vilar de Santos), Asoc. De MM.RR “A Carballa” (Rairiz de Veiga), Asoc. De MM.RR “Da Raia” (Baltar), Asoc. De MM.RR “Entre Nós” (Vilardevós), Asoc. De MM.RR “A Esperanza” (A Salgueira), Asoc. De MM.RR “Flor da Xesta” (Verín), Asoc. De MM.RR “Fonte do Ouro” (Sandín), Asoc. De MM.RR “Fonte do Sapo” (A Rasela), Asoc. De MM.RR “Nosa Señora do Portal” (Ribadavia), Asoc. De MM.RR “O País do Riós” (Riós), Asoc. De MM.RR “O Patio de Melo” (Ábedes), Asoc. De MM.RR “Pegureiras” (San Mamede de Urrós), Asoc. De MM.RR “As Raiotas” (Feces de Abaixo), Asoc. De MM.RR “Sal Salvador da Roza” (Medeiros), Asoc. De MM.RR “Sarreaus” (Sarreaus), Asoc. De MM.RR “Santa María de Tamagos” (Tamagos), Asoc. De MM.RR “Tres de Maio” (Laza).



Ademais do anterior, este ano as Asociacións de Mulleres Rurais integradas en FEMURO reunímonos por Comarcas en distintos actos para reivindicar os dereitos das mulleres e a importancia da súa loita por acadalos, querendo deste xeito favorecer o seu desenvolvemento íntegro como persoa, visibilizando e poñendo en valor a súa participación tanto no espazo público como no privado.

Os actos tiveron lugar nas Comarcas de O Ribeiro, Verín e A Limia, tendo que suspender as conmemoracións previstas na Comarca de Valdeorras e na de Carballiño pola situación de emerxencia sanitaria ocasionada polo COVID-19.

- **Comarca do Ribeiro.**

Esta primeira conmemoración do 8M tivo lugar o **sábado 7 de Marzo** e nela participaron arredor de **90 mulleres** pertencentes ás diferentes asociacións de MM.RR desta comarca adheridas a FEMURO.

A xornada iniciouse ás 13:30 horas no **Hostal Restaurante Evencio** (Ribadavia), onde tivo lugar unha actuación do **Grupo de pandereteiras “Festa da Historia”** de Ribadavia, seguido dun **xantar de confraternidade** que finalizou cunha exhibición de baile.

- **Comarca de Verín:**

Nesta localidade, na que contamos coa participación de **93 mulleres** pertencentes a **12 asociacións**, o acto principal desenvolveuse no **Auditorio** da vila o propio **8 de Marzo**.

Trala chegada das participantes sobre as 11:30 horas ao mencionado espazo, comezamos o acto con unha pequena exposición de temas relacionados co Día da Muller: porqué se conmemora este día, cales son os obxectivos actuais do feminismo... Para elo baseámonos no **Argumentario da Comisión 8 de Marzo de Madrid**, que divide as necesidades actuais das mulleres en catro grandes bloques (violencias, corpos, fronteiras e economía).



Posteriormente desenvolvemos un pequeno espazo audiovisual no que en primeiro lugar proxectamos o corto **“Rural es feminista”**, que se centra na necesidade de dar voz e por en valor á muller rural que loita cada día porque se recoñezan os seus dereitos nun mundo dominado pola masculinidade e o patriarcado.

Así mesmo, as asistentes puideron ver o **vídeo musical da Campaña FEMURO 8M “Libres, Fortes e Empoderadas”** (realizado por moitas delas) e o elaborado polo alumnado do **CEIP Amaro Refojo de Verín**.

O día finalizou cun **xantar de confraternidade no restaurante Brasil**, que foi amenizado con música e no que todas xuntas puidemos disfrutar dun ambiente festivo e distendido.



- **Comarca da Limia:**

O acto nesta localidade, que contou coa **colaboración do Concello de Xinzo de Limia e do CDR O Viso**, foi inaugurado ás 12:30 horas na **Casa da Cultura** pola Alcaldesa da vila, **Elvira Lama**, tras o que se produciu unha pequena **intervención do equipo de FEMURO** que introduciu o Día Internacional das Mulleres e deu paso á proxección do mesmo material audiovisual que no caso de Verín.



Posteriormente a alcaldesa presentou a exposición do CDR O VISO **“Mulleres Ilustradas da Limia”** centrada en visibilizar a distintas figuras da comarca para por en valor o traballo que realizaron.



Tras elo disfrutamos da intervención de **Pepa Molinos Barrio**, que nos contou a súa experiencia como muller rural titular dunha explotación agrogandeira en Lamas, finalizando o acto coa **lectura dun manifesto** por parte da **Alcaldesa de Xinzo de Limia, Dna. Elvira Lama** e cun **xantar de confraternidade** no que participaron todas as asistentes.

Nesta ocasión o **CIM de Xinzo de Limia** colaborou no acto cedendo o seu stand **“Punto de sensibilización e concienciación contra a violencia de xénero”**, ao que as participantes podían acudir e informarse durante todo o desenvolvemento da xornada.

O número de asistentes a este acto, que tivo lugar o propio **8 de Marzo**, foi de **54 mulleres**, pertencentes a 5 asociacións de MM.RR da zona.



Como última actuación a englobar dentro deste apartado, cabe sinalar a presenza de FEMURO na **concentración** levada a cabo na **Praza do Concello de Verín** o **9 de Marzo** ás 12:30 horas, que realizamos en colaboración co **Concello**, o **CIM da Mancomunidade de Monterrei**, **Cruz Vermella**, o **CDR Portas Abertas** e diversas **entidades feministas** da zona.

Nesta ocasión as traballadoras da entidade estivemos acompañadas por mulleres coas que desenvolvemos o noso traballo habitualmente, actuando como representantes de todas as asociacións para por o noso gran de area na loita pola igualdade plena e real



CAMPAÑA VÍDEOS COVID-19

Co obxectivo de dinamizar o día a día durante o confinamento mentres quedabamos na casa e as mulleres rurais non se podían reunir para realizar as súas habituais actividades conxuntas, dende FEMURO puxemos en marcha unha pequena campaña na que, coas apartacións das mulleres federadas, creamos varios vídeos que colgamos na plataforma de Facebook ao longo dos meses de Marzo e Abril.

En ditos vídeos cada participante foise presentando e contando cómo afrontou os días na casa, de forma que **creamos unha rede de sororidade entre as distintas asociacións que nos permitiu estar máis preto nun momento no que a distancia física non estaba permitida polo que era máis necesario que nunca sentir o apoio social.**

As mulleres que participaron nesta iniciativa foron as seguintes:

FINA  <i>Asociación de MM.RR. "Da raia" (Baltar).</i>	MARÍA LUISA  <i>Asociación de MM.RR. "Tres de Maio" (Laza).</i>	MARUJA  <i>Asociación de MM. RR. Santa María de Tamagos (Tamagos).</i>
NOELIA  <i>Asociación de MM.RR. "Da Raia" (Baltar).</i>	MANOLA  <i>Asociación de MM.RR. "Tres de Maio" (Laza).</i>	SONIA E ROSA  <i>Asociación de MM.RR. "Fonte do Sapo" (A Rasela).</i>

HERMELINDA  <i>Asociación de MM.RR. "Tres de Maio" (Laza).</i>	VIRGINIA  <i>Asociación de MM.RR. "da Raia" (Baltar).</i>	MARI  <i>Asociación de MM.RR. "Fonte do Sapo" (A Rasela).</i>
PAZ  <i>Asociación de MM.RR. "Fonte do Sapo" (A Rasela).</i>	CARMEN  <i>Asociación de MM. RR "Tres de Maio" (Laza).</i>	ELENA  <i>Asociación de MM.RR. "Fonte do Sapo" (A Rasela).</i>

Ademais do anterior, as mulleres das nosas asociacións, xunto con outras persoas coas que desenvolvemos o noso traballo habitualmente, participaron na elaboración dun vídeo musical coa famosa canción **"Resistiré"**, que nos transmitiu forza en momentos tan complicados como foi o confinamento.



Este vídeo está dispoñible na plataforma de Youtube, á que se pode acceder escribindo "Femuro Verín Ourense" no procurador.



MESAS DE MULLERES

A iniciativa “Mesas de mulleres” nace neste 2020 como resultado da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, que deu lugar a unha importante diminución na vida das asociacións de mulleres rurais e do contacto directo que FEMURO mantén con todas elas.

Sen lugar a dúbidas o confinamento supuxo un cambio importante no día a día de todas as persoas e polo tanto tamén das asociacións, que tiveron que parar por completo a súa actividade habitual vendo así freadas as múltiples e variadas ocupacións que manteñen ao longo do ano. Así mesmo, actos conxuntos organizados por FEMURO como a celebración do 8 de Marzo, o Foro da Igualdade ou a viaxe anual non puideron desenvolverse no 2020, sendo conscientes do impacto que iso supón tanto para a Federación como para cada unha das mulleres que dende fai moitos anos participan neles con ganas e ilusión.

En FEMURO entendemos a todas as asociacións de mulleres rurais como pilar fundamental que nos sustenta e nos permite mantermos con vida, polo que consideramos que era necesario desenvolver con elas algún tipo de actividade que puxera en relación as súas mulleres e lles permitise, así mesmo, expresar e mostrar as súas opinións respecto a temas de relevancia na súa vida e na da Federación á que pertencen.

Creamos desta forma un formato baseado en mesas redondas por consideralo o máis axeitado á situación na que nos atopamos. Nelas contamos con grupos reducidos de máximo 5 persoas e mantivemos en todo momento as medidas de seguridade establecidas polas autoridades (distancia social, uso de máscara, desinfección do espazo, uso de hidroxel...).

As mesas desenvolvéronse tanto online (a través de videochamada) como en persoa, e nelas **cada participante tivo a oportunidade de expresarse sobre unha serie de cuestións establecidas previamente que xiraban en torno a cinco bloques temáticos: Mulleres, Rural, Asociacionismo, FEMURO e COVID-19.**

Realizamos un total de 7 mesas, que distribuímos do seguinte xeito:

SESIÓN 1.

- Data: Martes 9 de Xuño.
- Modalidade: presencial (local de FEMURO).

- Asociacións participantes:
 - Asoc. MM.RR. "A Esperanza" (A Salgueira). Representante: Cristina Alonso.
 - Asoc. MM.RR. "Patio de Melo" (Ábedes). Representante: Ana María Caldelas.
 - Asoc. MM.RR. "Fonte do Sapo" (A Rasela). Representante: Paz Rodríguez.
 - Asoc. MM.RR. "Tres de Maio" (Laza). Representante: Manola Criez.



SESIÓN 2.

- Data: Martes 9 de Xuño.
- Modalidade: presencial (local de FEMURO).
- Asociacións participantes:
 - Asoc. MM.RR. "As Candelas" (Pazos). Representante: Rosa Vaamonde.
 - Asoc. MM.RR. "Flor da Xesta" (Verín). Representante: María José Gómez.
 - Asoc. MM.RR. "San Pedro" (Quizás). Representante: Concha Delgado.
 - Asoc. MM.RR. "Santa María de Tamagos" (Tamagos). Representante: María Isabel Yáñez.
 - Asoc. MM.RR. "As Trabes" (Cualedro). Representante: María José Pia.



SESIÓN 3.

- Data: Xoves 11 de Xuño.
- Modalidade: presencial (Casa da Cultura de Albarellos).
- Asociacións participantes:
 - Asoc. MM.RR. “25 de Xullo” (Albarellos). Representante: María Milagros López.
 - Asoc. MM.RR. “Santa Eulalia de Montes” (Montes). Representante: Ángeles Pérez.
 - Asoc. MM.RR. “Fonte do Ouro” (Sandín). Representante: Sinda Rivero.



SESIÓN 4.

- Data: Luns 15 de Xuño.
- Modalidade: Online.
- Asociacións participantes:
 - Asoc. MM.RR. “Arnoia” (Arnoia). Representante: María Asunción Fernández.
 - Asoc. MM.RR. “Nosa Señora do Portal” (Ribadavia). Representante: María Martínez.
 - Asoc. MM.RR. “Cruceiro Gordo” (Melón). Representante: Sonia Rosendo.



SESIÓN 5.

- Data: Martes 30 de Xuño.
- Modalidade: presencial (local de FEMURO).
- Asociacións participantes:
 - Asoc. MM.RR. “Entre Nós” (Vilardevós). Representante: Teresa Ramos.
 - Asoc. MM.RR. “San Salvador da Roza”(Medeiros). Representante: Rosa Pérez.
 - Asoc. MM.RR. “Xestas e Toxos” (A Gudiña). Representante: Carolina Hernanz.



SESIÓN 6. XUNTA DIRECTIVA.

- Data: Mércores 1 de Xullo.
- Modalidade: Online.
- Participantes:
 - María Isabel Garrido. Presidenta de FEMURO.
 - Elsa Pajarín. Vicepresidenta de FEMURO.
 - María Benita Álvarez. Vogal de FEMURO.



SESIÓN 7.

- Data: Xoves 2 de xullo.
- Modalidade: Online.
- Asociacións participantes:
 - Asoc. MM.RR. “Castrelo de Miño” (Castrelo de Miño). Representante: Sinda Osorio.
 - Asoc. MM.RR. “Pegureiras” (San Mamede). Representante: Manuela Estévez.
 - Asoc. MM.RR. “O Cruceiro” (Matamá). Representante: María González.



Todas as contribucións das participantes ao longo do desenvolvemento das distintas mesas foron a **base para desenvolver o relato “Mulleres, rural e vida”**, na que tratamos de plasmar, a través da protagonista Branca, as distintas vivencias que as participantes compartiron con nós. A modo aclaratorio é preciso comentar que os personaxes son completamente ficticios, aínda que a historia ten relación directa con todo o comentado polas asistentes das mesas.

A todas elas queremos mostrar o noso maior agradecemento pola súa disposición a participar nesta actividade; sen ningunha de vos esta nova iniciativa non tería razón de ser. Grazas por compartir con todas nós un anaco das vosas vidas e das vosas vivencias e experiencias, todas elas importantes e emocionantes.

Agardamos que o resultado final de “Mulleres, rural e vida” sexa do voso agrado e sintades en vós mesmas cada un dos sucesos que nos relata, e que mentres vos somerxedes nel sintades cerca ao resto de compañeiras tanto da vosa asociación como das outras moitas que forman parte de FEMURO.

"MULLERES, RURAL E VIDA"

Rural Ourensán, Xuño de 2020.

Unha mañá dun día de xuño o teléfono soa na casa de Branca. Deixando a un lado a Rosalía e os seus "Cantares Galegos", nos que mergulla cada certa ocasión, dispónse a responder sabendo que a persoa que chama é a súa filla Uxía, que vive nun pobo veciño e acaba de ser nai dunha nena forte e preciosa, Mariña, á que tivo o pracer de coñecer uns días antes.

A voz de Uxía soa dócil a través da liña telefónica, pero ao mesmo tempo acompañada de esgotamento e poucas horas de sono; ser nai por primeira vez leva consigo esforzo, ilusión e sacrificio a partes iguais.

Recorda, tras colgar e volver ao seu espazo de lectura, como afrontou ela a maternidade na sociedade dos anos 70. Cando a vida das mulleres estaba marcada cunha especie de fío estirado en liña recta do que non se podían desviar. Cando o destino de cada unha estaba perfectamente deseñado para ser esposa, nai e coidadora. Cando ser muller era, na maioría dos casos, ser, estar e existir para outras persoas.

Branca é afortunada porque pode dicir que se casou namorada. Pronto, pero namorada. E porque ser nai foi unha decisión consciente e consensuada coa súa parella. Esa non foi a sorte da maioría das amigas coas que compartiu a súa xuventude: Mercedes, Pepita, Claudia...; os dedos das mans non son suficientes para contar as rapazas que tiveron que casarse por estar embarazadas, por non falar das que non puideron elixir á persoa coa que pasarían o resto da súas vidas. Porque antes o matrimonio era para sempre.

Pero Branca saíuse da norma que dominaba, tanto no respectivo ao matrimonio e á maternidade como noutros aspectos de relevancia na vida de calquera persoa. Ela podía regresar a casa á mesma hora cos seus irmáns cando ían ás verbenas; traballaba arreo no campo e máis na casa, pero as tarefas domésticas tamén eran realizadas polo seu pai e o resto de homes; a comida e a colada estaban en mans de todas as persoas coas que convivía...; en definitiva, Branca nunca sentiu en si mesma un trato diferenciado respecto aos seus compañeiros de vida.

Porén, viu de primeira man o significado do machismo e a discriminación. Viuno cando ía á sega con outras persoas do barrio e ao volver a casa os homes quedaban na sombra descansando mentres que as mulleres apuraban a facer a comida e atender a facenda -sendo eles os que levaban todo o parabén-; cando o seu irmán ía coa súa nai lavar a roupa á fonte e as persoas do pobo lle dicían “vaiche caer o pito...”, referíndose ao perigo dos nenos por realizar tarefas “de mulleres”; cando seu pai era criticado ao ir el mesmo por auga en lugar da súa muller; cando sentiu nela mesma a impotencia de súa nai ao ser expulsada do Concello da vila, ao negárselle a apertura dunha conta corrente no banco, ao necesitar autorización do seu marido para poder viaxar ou ao ter que desfacer a idea de estudar na universidade.

Ela pensa no afortunada que foi por convivir nun fogar que encaixaría moito máis na época actual; ese no que non hai tarefas nin de homes nin de mulleres e no que se entende que non se trata de que eles lle axuden a elas, se non de que se corresponsabilicen. Como ben dicía súa nai: “os homes tamén manchan, comen e respiran do mesmo xeito e proporción cas mulleres”.

Pero Branca segue preocupada. Entende que os tempos cambiaron moito e que hoxe en día as mulleres do seu entorno non están expostas a tantas e tan varias situacións de desigualdade como podería ser en décadas anteriores, nas que o acceso á educación e ao mundo laboral, así como o dereito ao divorcio, soaban como realidades necesarias pero impensables. É consciente dos avances conseguidos grazas á loita feminista, pero tamén o é do que queda por alcanzar tanto no noso país como noutras lugares máis afastados nos que a situación se agrava fortemente.

Ela desexa que Mariña non estea exposta aos estereotipos que lle ditan que o rosa é de nenas e o azul de nenos; que elas xogan coas bonecas e os carros da limpeza mentres que eles o fan cos balóns, os coches e as pistolas; que non estará completa ata que se case co seu príncipe azul; que se lle pasará o arroz se non ten descendencia antes dos 30. Tamén espera que a súa neta sexa valorada no eido laboral en función dos seus méritos, que poda acceder a un traballo e a postos de poder nas mesmas condicións que os seus compañeiros e que a maternidade non supoña un obstáculo á hora de conseguir un emprego. Así mesmo desexa que comparta o seu futuro fogar cunha persoa que, ademais de executar as tarefas domésticas, comparta a carga mental que case en exclusiva corresponde ás mulleres. Séguelle preocupando a violencia sexual e de xénero, pois a pesar de que hoxe en día xa non se considera un asunto privado e a conciencia social cada vez é maior, as violacións e os asasinatos de mulleres por parte das súas parellas ou exparellas seguen abrindo os telexornais case a diario.

Con que frecuencia reviviu o caso da súa amiga Mercedes ao longo dos anos?

Cantas veces espertou polos pesadelos?

Cantas conversas compartiu co resto das amigas para soltar a dor que as comía por dentro?

Porque Mercedes tivo que ir ao muiño e no camiño de volta, de madrugada, foi perseguida por tres homes -que a humillaron, golpearon, insultaron, violaron-; porque Mercedes, tras quedar desfeita unha vez que os seus agresores finalizaron, non foi quen de volver a casa polo medo que lle tiña a súa nai e a seu pai, polo que dirán -a pesar da desesperación e da sangue que a cubría, non volveu a casa-; porque Mercedes non recibiu ningún tipo de axuda por parte das persoas coas que se cruzou no seu camiño, e chegou un punto no que non puido camiñar máis.

Mercedes apagouse para sempre antes incluso de que o seu corazón se parase. Puido ser no momento no que se deu conta de que non andaba soa mentres regresaba a casa, ou cando escoitou os asubíos e obscenidades, ou cando acelerou o paso coa esperanza de estar a salvo. Pode que fose cando a tocaron sen o seu consentimento ou cando recibiu o primeiro golpe dada a súa oposición. Pode, quen sabe, que o seu reloxo se parase cando tratou de escapar coa esperanza de atopar unha man amiga que a consolase. Ninguén nunca saberá cando se apagou Mercedes, pero Branca e as súas amizades son conscientes de que nese preciso instante algo morreu nelas tamén.

Ela entende dende fai moitos anos que esa experiencia vivirá sempre con ela pois, como todo na vida, as vivencias negativas forman unha ferida profunda que co tempo se converte en cicatriz e permanece con nós ao longo de toda a nosa vida, ben sexa na pel, na alma ou no corazón. Ante elas temos dúas opcións: observalas con detemento e rememorar a dor que nos produciron no momento exacto de facer a ferida ou aprender a convivir con elas sendo conscientes da aprendizaxe positiva que supoñen e do fortalecemento que produciron en nós.

A cicatriz que deixou Mercedes, sumada a outras moitas, fan de Branca a persoa que é hoxe. A historia anterior é unha das tantas polas que pasou ao longo dos seus 60 anos e que configuraron a súa forma de ser muller, nai, amiga, compañeira. De ver e vivir o mundo. De relacionarse e dar un pouco de si mesma.

Recordar é algo que sempre lle fai ben, por iso un dos seus momentos preferidos é ir tomar café coas súas amigas tralas actividades que realiza na asociación de mulleres rurais do seu pobo, da que é presidenta dende fai máis de 20 anos. Neses momentos reúnese coas dúas de sempre e entre conversas e risas comparten historias que, sobre todas as cousas, as fan vivir.

Esas amigas que coñece dende ben pequena, practicamente dende que naceu, e que foron referentes para configurar a súa personalidade. Porque as historias delas son as súas. Porque chorou e riu cando elas o fixeron. E porque sabe que o ben e o mal de cada unha vaine ser do resto tamén.

Con Mercedes, Pepita e Claudia xogaba de pequena nas rúas da súa pequena aldea acompañada de outros moitos mozos e mozas xa que, ao contrario que na actualidade, o pobo estaba repleto de infancia, “pilla-pilla”, “escondite” e “tricle”. Con elas pasaba por diante do bar e observaba a aquelas mulleres que viñan de Suíza ou Alemaña coas súas saias e seus beizos vermellos –“de maior quero ser coma elas”-, nun tempo no que nin ir ao bar nin maquillarse estaba ben visto e o impacto social no pobo era enorme. Tamén con elas chorou a morte de Mercedes e tivo un ombreiro no que descansar cando a vida lle deu as costas.

Como a Pepita, que viviu os efectos negativos da inmigración de primeira man cando seus proxenitores foron traballar a Francia e ela quedou ao coidado de seus avós. Ante a necesidade dun bico de súa nai estaba unha caricia de Claudia; ante as bágoas por unha aperta de seu pai atopaba os brazos cálidos de Mercedes; e ante a insistencia de seus avós de chamarlle mamá a papá a dúas persoas que, co paso do anos, eran practicamente descoñecidos, recibía a empatía e comprensión de Branca.

Esa é a cicatriz de Pepita, e polo tanto do resto das compañeiras.

A historia de Claudia é das máis duras dentro do grupo de amigas. Para comezar porque é orfa de pai dende ben nena e iso supuxo crecer nun fogar monoparental encabezado por unha muller nunha sociedade na que o traballo remunerado era exclusivamente masculino. A fame foi a súa gran compañeira de infancia, así como os “prefiro verte morta a verte con outro home” que certos membros da familia referían case a diario á súa nai.

Ademais disto Claudia foi a primeira muller do seu pobo en separarse do seu marido. O divorcio, que soaba como unha nova pero afastada realidade, de súpeto entrou na vida de todas as veciñas e veciños, que viñan de ser socializados como unha gran familia na que as vivencias dunha persoa eran as de toda a aldea. Claudia tivo que facer fronte ás críticas de moitas das persoas coas que compartía o seu día a día; porén, tivo a sorte de contar cun home, seu pai, “dos que non había nesa época”, como ela mesma di, quen a empurrou a dar o paso e a facerlle ver que ela merecía moito máis do que ese home lle estaba proporcionando. Golpes. Humillacións. Insultos. Control.

Todas estas historias fixeron que Branca fose interiorizando varias ideas que co tempo se converteron nos piares fundamentais da súa forma de entender a vida.

A educación en igualdade que recibiu no seu entorno familiar fronte a segregación por sexos que observaba nas casas de súas amigas sementou nela a importancia de que as súas fillas e fillos fosen tratados do mesmo xeito, deixando de lado roles e estereotipos de xénero e comprendendo que todas as persoas temos as mesmas capacidades e polo tanto debemos ter as mesmas oportunidades.

A violación e morte de Mercedes ensinoulle, en primeiro lugar, que ningunha muller lle pertence a ninguén e que non hai circunstancia algunha que xustifique unha agresión sexual. Deste xeito creceu forte, valente e plantándolle cara a calquera que atentara contra a súa integridade.

Así mesmo inculcoulle a necesidade de facerlle ver á súa filla que é necesario denunciar calquera situación de violencia e que debe ter a seguridade de que súa nai estará con ela se nalgún momento pasa por unha circunstancia semellante, para evitar así que se repita o medo de Mercedes por volver a casa, que en última instancia deu lugar á súa morte.

A emigración dos pais de Pepita e o que supuxo para ela creou en Branca a necesidade de manter a familia xunta e unida en todo momento, sen importar outras circunstancias que os rodeaban mentres tivesen claro que se están os uns a os outros; por iso non dubidou en rexeitar a proposta de seu marido de desprazarse a outra cidade a pesar de que as condicións económicas eran moi boas.

A separación de Claudia a causa da violencia machista ensinoulle que en moitas ocasións é necesario romper medos e barreiras para atopar a felicidade e, sobre todo, que o socialmente establecido non sempre é o máis axeitado. E que debemos deixar de lado a pasividade ante situacións de maltrato.

As ideas anteriores foron a base coa que Branca construíu o xeito de educar a Uxía, sobre todo o referido a educación en igualdade. E dende ben cedo puido observar os froitos, pois foi quen de ver unha redución considerable de estereotipos na nena que estaba a criar.

Cantas veces chegou Uxía chorando a casa porque os rapaces non a deixaban xogar ao fútbol?

E se riron dela por levar o pelo demasiado corto para ser nena?

E cuestionaron a súa capacidade cando acadou a licencia de caza e ía ao coto?

E a miraron con incredulidade tras baixarse do camiión que conducía?

E chegaron ao taller mecánico no que traballa e preguntaron onde estaba o xefe?

Porque Uxía tivo que romper barreiras simplemente por nacer muller. E fíxoo de forma firme, sen derribarse. Incluso cando estivo unha hora e media no exame de camión mentres que o resto de compañeiros o pasaron en 45 minutos; ou cando non a aceptaron en ningún instituto para estudar mecánica. Simplemente por ser ela e non el.

Outro feito importante que marcou a personalidade de Uxía foi crecer na aldea e o amor que súa nai lle inculcou cara ao rural. Porque Branca sempre viviu no mesmo lugar e asimilou as atributos do pobo -tranquilidade, aire puro, contacto coa natureza- como privilexios.

E quixo que súa filla crecese como o fixo ela: xogando na rúa con outras moitas nenas e nenos, trepando nas árbores e perdéndose polos montes, vendo o horizonte verde cada vez que abría as ventás polas mañás e o ceo azul cheo de estrelas cada noite, reuníndose tralo xantar cos veciños e veciñas de sempre, descubrindo e nadando o río nos calorosos veráns, percorrendo as casas do resto da familia para merendar, sementando e recollendo as verduras da horta, alimentando aos animais e, en definitiva, estando en contacto estreito con cada anaco do seu pobo.

Por iso Uxía tivo claro dende ben cativa que a vida para ela era iso e que os atascos, a contaminación, a aglomeración e outras tantas cousas da urbe non cabían no estilo de vida que ela desexaba. Consideraba que a socialización e a calidade de vida eran moito máis elevados na súa pequena aldea de a penas 70 habitantes e que as 24 horas do día eran vividas a cada segundo. “Na cidade necesitas 35 horas”, díxolle un día súa nai. E non puido comprobar dita realidade ata que as súas amizades se desprazaron a distintas cidades de España para estudar e volvían ao pobo con historias que xiraban en torno á falta de relación entre as persoas que vivían no seu bloque, á necesidade de saír “con tempo” de casa (mínimo unha hora) para chegar á universidade, á baixa calidade de moita da comida que consumían ou á cantidade de xente que abarrotaba as rúas comerciais.

Uxía espera que Mariña poida desfrutar da aldea tanto como o fixo ela, a pesar de ser consciente dos grandes retos que o noso rural presenta na actualidade. Porque Uxía observa dende fai moitos anos como descende o número de persoas que habitan no pobo dada a mortalidade da xente maior e o desprazamento dos novos á urbe, que así mesmo reduce drasticamente o número de nenas e nenos que nacen cada ano. Como os montes quedan baleiros e se enchen de maleza e as parcelas son inaccesibles pola falla de coidado nos seus accesos. Como a rede de transportes é escasa ou mesmo inexistente, dificultando as posibilidades de mobilidade dunha poboación que en moitos casos non conta con outra alternativa de desprazamento.

Como as tendas de ultramarinos e outros servizos básicos pechan as súas portas para sempre ante a imposibilidade de manter o negocio en pé. Como a oferta de ocio está gravemente limitada tanto para a infancia como para a terceira idade. Como a rede de telecomunicacións non chega para quedarse e existe unha carencia real de internet.

Morrendo o rural e as posibilidades de vivir con dignidade e plenitude nel.

Todo elo acrecenta o desánimo de Uxía ao pensar que Mariña moi probablemente non poda desfrutar das pequenas vivencias e privilexios cos que contou na súa infancia. Perderá a visión da súa avoa “do pobo como unha gran casa na que as rúas son o corredor e o resto de vivendas as habitacións”, así como ese pequeno pero vital estilo de vida baseado no troco no que un xantar é suficiente para compensar unha mañá collendo patacas ou matando o porco na casa dun veciño.

Deixará tamén atrás valores como a solidariedade e familiaridade comunitaria, tan presentes no rural galego. E sobre todo perderá o contacto cunha xeración de mulleres -de 80, 90 anos- que sacou adiante unha Galiza marcada pola emigración masculina e o durísimo traballo das mulleres que non só se ocuparon da súa casa, senón que mantiveron os pobos cheos de xente a través dun esforzo inmenso.

Por iso espera que os gobernantes e demais axentes públicos teñan en conta os retos comentados e realicen políticas de fomento da natalidade, de revalorización e activación do sector primario, de emprendemento e de dotación de servizos e recursos básicos -sempre públicos-. Tendo en conta tamén que unha parte moi importante se sitúa na conciencia social polo que é necesario que a poboación crea no rural e sitúe en primeira liña as potencialidades que podemos sacar del no noso día a día.

Ese último obxectivo, xunto coa necesidade de darlle vida a un rural que pouco a pouco estaba morrendo, foi o que levou a Branca a crear a asociación de mulleres rurais do seu pobo. Nun momento no que o movemento asociativo das mulleres estaba en pleno auxe foi quen de ver a necesidade das súas veciñas de saír de casa, relacionarse e vivir novas experiencias.

Branca recorda, a pesar dos anos, a inseguridade que observaba na cara de aquelas mulleres cando lle propuña asociarse -moitas acostumadas a pedir permiso aos seus maridos en todo momento-, as dúbidas ante unha nova forma de ocupar os seus días e mesmo a indecisión cando ofertaba unha actividade que moitas nunca realizaran con anterioridade.

Todo iso foi cambiando co paso do tempo; as dúbidas pasaron a ser seguridade, confianza e mesmo necesidade. De aprender unha manualidade ou tarefa artística nova. De acudir a conferencias nas que escoitaban cousas ás que nunca antes se acercaran. De practicar exercicios e deportes que parecían imposibles. De coñecer fermosos recunchos de España e incluso mergullar en cidades estranxeiras, coñecendo así novas culturas, realidades e formas de vivir e entender o mundo. De socializar, converter veciñas en amigas e ter un espazo no que ser elas mesmas e expresar as súas alegrías, medos e problemas. De deixar por unhas horas a casa, o traballo doméstico e o coidado dos fillos e fillas para dedicarse a elas mesmas. De contar, en definitiva, cunha rede de persoas que máis alá do feito de ser mulleres compartían as ganas de crear lazos e vivir de forma firme e segura.

“Para min foi unha ventá que me abriu a outra clase de vida que había, que eu pensei quizá que non existía”. Esas palabras, expresadas anos atrás por unha das mulleres asociadas, mostráronlle a Branca o valor que a asociación tiña para as súas veciñas. Como presidenta pode dicir que a súa asociación de mulleres rurais, como todas as outras que se distribúen ao longo da xeografía galega, supuxo un antes e un despois na vida das mulleres e do pobo en xeral.

Porque a día de hoxe esas mulleres espertan pola mañá sabendo que trala comida teñen esta ou aquela actividade, que pasarán tempo coas súas compañeiras e que cada ano se cerra mirando atrás e vendo unha morea de actos e xornadas nos que participaron. E porque isto implica ocupar as rúas e espazos do pobo que doutro xeito, probablemente, estarían baleiros. Rompendo así co ritmo de moitas aldeas nas que os e as veciñas a penas saen de casa e mesmo pasan longas tempadas sen verse e socializar entre elas.

A presidenta é tamén consciente, como no caso do rural, de que a día de hoxe existen unha serie de retos nas asociacións que anos atrás non estaban presentes. A idade avanzada das sociais, o seu número cada vez máis reducido e a incapacidade de sumar novas altas dado o despoboamento é algo no que pensa con frecuencia. Espera, non obstante, que ditas dificultades sexan simplemente unhas pedras no camiño que poder esquivar para que o rural non chegue a perder esa parte fundamental que constitúen as asociacións de mulleres. Para elo sabe que é necesario aplicar todas as políticas mencionadas con anterioridade, pois sen presenza de vida o resto de esforzos serán, canto menos, infrutuosos.

Un dos motivos principais polos que agarda que o movemento asociativo de mulleres rurais se manteña en pé é a existencia de FEMURO (Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense), da que forman parte practicamente dende os seus inicios.

Xa que FEMURO e as súas precursoras foron quen de englobar, dende os seus inicios no ano 1998, preto de 70 Asoc. MM.RR. de todo a provincia de Ourense e de propiciar así un gran paso
Mudando a historia

adiante no asociacionismo ao por en relación a mulleres de distintos puntos da xeografía galega que ampliaron os seus lazos e que doutro xeito, probablemente, nunca chegarían a establecer vínculos. A través de distintos actos e xornadas desenvoltoas ao longo do ano que a Federación organiza por motivo do Día Internacional da Muller ou do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, entre outros, as asociadas teñen a oportunidade de acercarse non só a outras mulleres, se non a outros pobos e realidades rurais diferentes á súa. Porque é ben sabido que o noso rural é amplo, diverso e diferente en función da zona na que nos atopemos; que existe un rural máis poboado e con maiores servizos fronte aquel no que non nace ningún neno ou nena e no que é preciso coller o coche e recorrer 20 quilómetros para atopar un supermercado. Porque a posibilidade das mulleres de ver outro rural era un punto necesario nas súas vidas que FEMURO tratou e conseguiu resolver.

Un segundo aspecto moi importante que Branca destaca de FEMURO é o gran labor administrativo e de asesoramento que desempeña nas asociacións, pois encárgase de comunicar e xestionar todas as axudas económicas e subvencións que financian e fan posible as actividades que se levan a cabo ao longo do ano, aliviando así enormemente a carga e traballo burocrático das presidentas.

Tendo en conta que hoxe en día a maioría das mulleres manexan as novas tecnoloxías pero mirando atrás, e dende a perspectiva da idade, atopamos mulleres sen alfabetización dixital para as que a posibilidade de contar con axuda nese sentido foi primordial e esencial.

Non esquece Branca o traballo no eido social e educativo que a Federación desempeña máis alá das asociacións en distintos puntos da provincia, sobre todo na Comarca de Verín. A sensibilización da infancia e adolescencia en colexios e institutos, o programa de atención a familias con baixos recursos, a orientación laboral, a exposición fotográfica “Mulleres con historia”, a feira violeta... son uns poucos exemplos de todas aquelas actividades que FEMURO desenvolve ao longo do ano a prol da igualdade e a xustiza social.

Que será nun futuro de FEMURO e das asociacións?

Falar do que virá sempre é incerto; máis no momento actual no que a COVID-19 chegou ás nosas vidas sen previo aviso como unha treboada que, en cuestión de minutos, devasta todo por onde pasa.

Da noite para a mañá todo cambiou. O noso ritmo de vida, caracterizado en moitas ocasións polas presas, as carreiras, a atadura ao reloxo, o estrés laboral e a inexistencia de tempo no que poder desfrutar da familia e as amizades, de súpeto pegou unha freada que nos paralizou por

completo. Pensando, reflexionando e analizando se tal vez ese ritmo non era o que necesitamos nas nosas vidas; comprendendo que nada é estable e que debemos valorar o momento presente.

Foron moitas as veces nas que Branca foi inundada pola pena e a tristura ao longo dos meses de pandemia. O aumento do número de persoas falecidas e infectadas, a saturación do sistema sanitario, a limitación da liberdade de movemento e o contacto social foron como gotas que ían caendo nun vaso que, no transcurso dos meses, acabou colmando. Porque para ela foi moi duro non poder acudir ao hospital cando Uxía se puxo de parto e coñecer a súa neta no momento de nacer, ou non recibir cun abrazo ao seu fillo cando chegaba de traballar, ou non ver aos primos que viven fóra e normalmente se desprazan a Galiza no mes de Abril, ou mesmo non velar a unha veciña falecida e darlle forzas á familia aínda que fose cun simple “acompañote no sentimento”.

Pero sen lugar a dúbidas un dos cambio máis drásticos que sentiu coa chegada do virus foi a paralización da vida da asociación, que supuxo unha redución da actividade, da socialización e dos bos ánimos aos que estaba acostumada. Comprobou, non obstante, que ese sentimento era compartido polo resto das súas compañeiras, que día tras día comunicaban a través de Whatsapp as súas ganas de que todo terminase pronto para poder reunirse e seguir con esa pequena parte do seu día a día, entendendo así o valor invisible pero importantísimo que as asociacións teñen na vida das mulleres rurais.

“Non sabemos o que temos ata que o perdemos”, e tanto que non. Porque foi necesaria unha pandemia para aprender a valorar os bicos e os abrazos, as conversas con amizades, o gran labor desempeñado polo persoal sanitario os 365 días do ano, a importancia da saúde, a necesidade dun sistema sanitario público e forte, o traballo moitas veces infravalorado das persoas -mulleres- coidadoras. Foi necesaria a paralización total das nosas vidas para comprender o potencial existente nas nosas pequenas aldeas, dándolle valor a ese pequeno anaco de xardín e comprendendo que moitas veces o menos é máis.

Branca espera que todo isto non se esqueza.

Que o recordemos todas as mañás cando a vida nos da a oportunidade de desfrutar dun novo día.

Que viva en cada segundo no noso pensamento.

Porque só así espremeremos cada momento.

E só así pasaremos por esta vida coa firmeza de que fixemos todo o que estaba na nosa man para vivila.

Yolanda Arias Prieto

CLUB DE LECTURA VIOLETA

O Club de Lectura Violeta de FEMURO continuou a súa andadura ao longo 2020. Os primeiros meses do ano discorreron coa normalidade á que estabamos acostumadas: xuntabámonos unha vez ao mes nas localidades nas que se leva a cabo - Verín, Ribadavia e Arnoia- para comentar a obra escollida e pasar tamén un rato agradable coas compañeiras lectoras. Supuxo unha actividade cálida, agradable e tamén afianzada, polo éxito de participación e novas incorporacións.



A chegada da Covid-19 supuxo un parón nesta dinámica, pero non por iso se deixou atrás o Club de Lectura! Fundamentalmente, a través dos grupos de whatsapp de ambos Clubs de Lectura. As mensaxes evolucionaron como tamén o fixo o afianzamento dos grupos e ademais de libros, autoras ou novidades literarias, tamén se facían palpables as mensaxes de alento, de enerxía e de forza, tan precisos durante o confinamento. Os grupos pasaron a ser un punto de encontro para a compañía, amizade e a sororidade entre as mulleres participantes. Neles compartíronse tanto ánimos e agarimo, como inquedanzas e medos e tamén risas.

Así mesmo, tamén serviron de canais para facer partícipes ás lectoras violetas das actividades de dinamización xerais de FEMURO como tamén a súa propia, coa elaboración dun vídeo que colgamos en facebook



Tamén, en conmemoración do Día do Libro, algunhas das mulleres que participan nos clubs de lectura achegáronnos unha mostra dos libros que as axudaron a amenizar os longos días de confinamento. Con todas as súas aportacións realizamos un vídeo que un vídeo coas lecturas do Confinamento.



Grazas a todas elas por compartir con nós as súas lecturas!

Pasada esta etapa máis restritiva, decidimos retomar os Clubs de Lectura readaptándonos aos tempos e regresando de xeito virtual: os Clubs de Lectura Violeta de FEMURO agora fanse vía google meet!

As mulleres rurais somos bravas e demostramos a nosa coraxe reconverténdonos, avanzando e tendo claro que non imos deixar que o virus nos pare!



Como xa sabedes, recibe o nome de VIOLETA en alusión á cor da igualdade e porque con el quixemos que a perspectiva de xénero estivese plenamente vixente á hora de escoller as lecturas e a análise das mesmas polo que tamén de xeito simbólico decidimos que a primeira lectura desta nova etapa ía ser adicada ao 25N “Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres”, sendo a obra escollida Senlleiras de Antía Yáñez.

FEMURO COS SERVIZOS SOCIAIS E A SOLIDARIEDADE

ARCO DA VELLA: PROGRAMA DE EMERXENCIA FAMILIAR EN TEMPOS DE COVID



O principal obxectivo deste proxecto foi dotar ás familias de recursos materiais e persoais suficientes para superar esta crise sanitaria dignamente. E anteriormente a esta crise, dotar en xeral a familias que tiveran carencias, dos recursos necesarios.

Axudamos en total a 28 familias da Comarca de Monterrei, sobretudo dos municipios de Verín e Vilardevós entre os meses de Xaneiro e Novembro deste ano especialmente difícil.

Cando comezou o estado de emerxencia non se paralizou a atención ás familias senón que máis ben se incrementou. Durante o confinamento as nosas oficinas permaneceron pechadas pero o móbil permaneceu activo, fíxose seguimento continuo de todas as familias e atendemos as súas necesidades levándolles o necesario directamente aos domicilios. Despois do confinamento, a pesar de estar aberta xa a oficina, na maioría dos casos seguimos optando pola entrega no propio domicilio para evitar o máximo posible o tránsito de xente polas nosas instalacións e tamén para evitar desprazamentos por parte delas, innecesarios.

As actuacións levadas a cabo durante o programa foron:

➤ **Medidas de Atención urxente.** Entrega de:

- Alimentación. Produtos non perecedoiros e alimentación fresca.
- Roupas e calzado.
- Medicamentos e produtos de farmacia. Sobre todo para bebés, pero tamén nalgúns casos aos pais e nais.
- Material escolar e fotocopias sobretudo durante o peche das escolas.

FEMURO SOLIDARIA

PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSOAS CON ESCASOS RECURSOS ECONÓMICOS

FEMURO, un ano máis levou a cabo este programa, o cal xa **está consolidado dentro da entidade**. Púxose en marcha por primeira vez no ano 2010 xa que contabamos cunha subvención de Obra Social Caja España. Ao longo destes anos, **a pesares de non contar con ningunha axuda de institucións**, FEMURO decide mantelo debido ao gran valor social do mesmo e **grazas á colaboración desinteresada e doazóns** de establecementos, particulares e asociacións de MM.RR. adheridas a FEMURO.

Este ano debido á pandemia, os recursos fixeron máis falta que nunca, e por este motivo, de forma excepcional, organizamos dous **MERCADIÑOS SOLIDARIOS** no que se venderon libros e outros obxectos doados para recadar fondos para este programa.

O primeiro foi no mes de AGOSTO, conseguindo unha recadación de case 1000 €. O segundo foi TROCO NADAL, no mes de decembro, no que ademais de pagar con diñeiro, podía-se pagar con alimentos non perecedoiros. Recadamos arredor de 900 € e 150 kg de comida e obxectos de hixiene.

Ambas iniciativas tiveron unha gran acollida na poboación de Verín, moitas grazas a todas as persoas que vos achegastes ata o noso local para mercar e colaborar coa causa.



Tamén participamos na Campaña de AEVER, na que diversos establecementos doaron alimentos para as entidades sociais da comarca que levan a cabo proxectos de emerxencia.



FEMURO COA INFANCIA: FEMURO VERÁN, LUDOFEMURO E PEQUE NADAL

Por quinto ano consecutivo levamos a cabo a actividade **FEMURO VERÁN**, esta vez coa actividade bastante restrinxida pola nova situación que nos tocou vivir. Despois do confinamento vimos a enorme necesidade dos nenos e nenas de relacionarse, xogar xuntos e xuntas, estar ao aire libre... Así, decidimos que dous días por semana faríamos actividades grupais en exterior, gardando todas as medidas de seguridade posibles pero sen esquecer que o xogo, a risa e a interacción son tamén unha vacina contra a tristeza.



LUDOFEMURO. Así, continuamos en setembro, esta vez unha tarde por semana, en grupos primeiro de 8, despois de 4, realizando actividades de exterior se o tempo o permitía, ou de interior gardando as máximas distancias posibles.



E chegou o nadal co **PEQUE NADAL**, con obradoiros infantís relacionados con estas datas, nos que durante a mañá, xogamos, pintamos, recortamos, volvemos a xogar, falamos, cantamos... e fixemos un Nadal o máis alegre que puidemos.



CONSELLOS INSTITUCIONAIS

CONSELLO GALEGO DE BENESTAR SOCIAL

FEMURO forma parte deste Consello dende o ano 2018 o cal foi creado pola Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia como **órgano superior consultivo e de participación do sistema galego de servizos sociais.**

En canto aos **seus obxectivos**, este **órgano é unha ferramenta fundamental para avaliar e mellorar o sistema de servizos sociais de Galicia, ao tempo que ofrece unha vía para o diálogo e o desenvolvemento de respostas ás necesidades dos cidadáns.**

Este **Consello está presidido pola/a titular da consellería competente en materia de servizos sociais**, actualmente Dña. **Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social e conta cunha pluralidade de representación.** Forman parte do mesmo, representantes de diferentes consellerías da Xunta de Galicia, así como das Entidades Locais a través da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e da Administración Xeral do Estado; representantes sindicais e empresariais, colexios profesionais, universidades, **entidades que prestan servizos sociais** e asociación de usuarios.

Neste ano **2020 o Consello reuniuse en dúas convocatorias:**

A primeira foi levada a cabo o **19 de febreiro** e tratouse como punto principal a proposta de informe para a súa aprobación por parte do Consello do **anteproxecto de Decreto polo que se desenvolve o réxime de concerto para a prestación de Servizos Sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia**

A segunda convocatoria tivo lugar o **10 de decembro** e **por primeira vez levouse a cabo a través do sistema de VIDEOCONFERENCIA** como medida de seguridade fronte a situación que se está a vivir debido á pandemia COVID-19. Nesta ocasión abordouse a proposta de informe para a súa aprobación polo consello sobre o **Proxecto de Orde pola que se regula a presentación e a comunicación das reclamacións en materia de Servizos Sociais no ámbito autonómico galego.**

PARTICIPACIÓN EN XORNADAS

➤ PARTICIPACIÓN NA MANIFESTACIÓN NACIONAL PREVIA AO 8M. “SEN COIDADOS NON HAI VIDA”

FEMURO estivo presente na manifestación que tivo lugar en Verín o día 1 de Marzo. Unha manifestación unitaria para reivindicar e revalorizar o eixo dos coidados así como para loitar polos dereitos das mulleres.



➤ PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE ORGANIZADA POLA XUNTA DE GALICIA PARA O DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O día 7 de Marzo FEMURO participou no Acto organizado pola Xunta de Galicia para o Día Internacional da Muller.

O acto estivo presentado por Silvia Jato, e baixo o nome “Talento desde as orixes” realizáronse diversas entrevistas a mulleres galegas que destacaron e destacan en diversos eidos como a música, o cine, o deporte...



➤ ACTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE POLO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O día 6 de Marzo FEMURO asistiu ao acto celebrado na Deputación de Ourense como acto previo ás celebracións do Día Internacional da Muller.

A Xornada , que levou o nome “**Xeración Igualdade: o papel das mulleres pioneiras**”, quixo poñer en valor o 25 Aniversario da Declaración de Beijing (1995) e visibilizar a nivel local a campaña da ONU Mulleres “ Son da Xeración Igualdade: Polos dereitos das mulleres”.

Tras a inauguración por parte do Presidente da Deputación **presentouse o libro de Olimpia Velencia. “Oito décadas de historia desde os ollos dunha pioneira”**, para continuar cunha **mesa Redonda “O papel da sociedade civil nas transformacións e os avances sociosanitarios”**



➤ **PARTICIPACIÓN NO FALADOIRO POLA IGUALDADE- CIFP PORTOVELLO**

O día 10 de Marzo participamos no **“Faladoiro pola Igualdade”** organizado polo **CIFP Portovello** no propio centro, no que xunto con outras profesionais de asociacións e entidades feministas, fomos entrevistadas sobre temas relacionados coa igualdade de oportunidades fronte a un público moi novo e moi interesado no tema.



➤ **CAMIÑO AO RESPECTO”. VIII ANDAINA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.**



A situación actual provocada pola COVID-19 non impediu o desenvolvemento desta iniciativa que cada ano organiza a Xunta de Galicia co obxectivo de promover a participación cidadá a favor do rexeitamento público e formal contra a violencia machista e de sensibilizar sobre a importancia de valores como o respecto e a igualdade entre mulleres e homes.

Neste 2020 a andaina desenvolveuse de xeito virtual, de forma que cada participante recibía o seu dorsal e camiñaba individualmente ou en grupo facendo a ruta escollida. O total de quilómetros percorridos nesta edición foi de 43.875.

Dende FEMURO contamos cunha participación moi elevada (171 persoas), que nos amosa o compromiso das mulleres federadas na loita contra as violencias machistas.

As asociacións participantes foron as seguintes:

Asoc. MM.RR. "Arnoia" (Arnoia); Asoc. MM.RR. "Santa María de Tamagos" (Tamagos, Verín); Asoc. MM.RR. "Patio de Melo" (Ábedes, Verín); Asoc. MM.RR. "San Breixo de Berán" (Berán); Asoc. MM.RR. "San Miguel de Espiñoso" (Espiñoso, Cartelle); Asoc. MM.RR. "Fonte do Sapo" (A Rasela, Verín); Asoc. MM.RR. e Consumo "O Cruceiro" (Matamá, Laza); Asoc. MM.RR. "Cruceiro Gordo" (Melón); Asoc. MM.RR. e Consumo "Tres de Maio" (Laza); Asoc. MM.RR. "O Toural" (Mandín, Verín); Asoc. MM.RR. e Consumo "25 de xullo" (Albarelos, Monterrei); Asoc. MM.RR. "As Candelas" (Pazos, Verín); Asoc. MM.RR. "Flor da Xesta" (Verín).



CONTÁCTANOS, SÉGUENOS E PARTICIPA!



@femuroverin



Femuro Ourense Verin



Femuro Verin Ourense



www.femuro.org



699 41 58 10



988 41 13 90